

## Noticias destacadas



### A UNIVERSIDADE DE VIGO, LÍDER NACIONAL EN TERMOS DE PRESENCIA FEMININA NO ÁMBITO DA INVESTIGACIÓN EN ECONOMÍA

A Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Vigo atópase entre as dúas primeiras organizacións españolas de investigación en economía en termos de presenza de mulleres, e entre as 20 primeiras a nivel europeo.



### HOMENAXE Ó PROFESOR CARLOS HERVÉS-BELOSO

A *Society for the Advancement of Economic Theory* (SAET) quixo homenaxear ó Coordinador de ECOBAS durante a celebración da súa Conferencia Anual, celebrada en Ischia (Italia) o pasado mes de xullo, pola súa traxectoria investigadora.

*Coñece ó noso equipo...*

### CRISTINA CALVO PORRAL, investigadora do grupo C+D



Cristina Calvo Porral é Profesora Titular de Comercialización e Investigación de Mercados na Universidade da Coruña, e membro do grupo de investigación C+D de Competencia e Desenvolvimento Rexional. É Licenciada en Administración e Dirección de Empresas polo ICADE (Universidade Pontificia de Comillas de Madrid), e licenciada en Investigación e Técnicas de Mercado (Marketing) polo mesmo centro. Obtivo o título de Doutora pola Universidade da Coruña en 2011. Actualmente conta con 24 artigos académicos indexados na Web of Science, así coma numerosos artigos indexados en Scopus, destacando as súas publicacións en revistas como "Journal of Retailing & Consumer Services", "Food Quality & Preference", "Computers in Human Behavior", "Telematics & Informatics" ou "British Food Journal" entre outras. As súas principais liñas de investigación son o comportamento do consumidor, *retailing* e Marketing alimentario, e actualmente os seus traballos céntranse nas marcas do distribuidor, e na influencia das emocións no comportamento do consumidor.

Cristina conta ademais cunha experiencia profesional de dez anos coma responsable no departamento de exportacións e expansión internacional de Carolina Herrera (Sociedade Téxtil Lonia), é Research Associate Professor da Université du Québec en Outaouais (Canadá) desde o ano 2014, e realizou estancias postdoutorais de investigación na St. Joseph's University (Philadelphia, USA), a Université du Québec en Outaouais (Ottawa, Canadá), a University of Texas at Austin (Austin, USA) e na Universidad de La Frontera (Temuco, Chile).

## Convocatorias abertas e eventos de interese

### UVigo - Axudas para contratos predoutorais

- Prazo de presentación de solicitudes: ata o 10 de outubro

### Conferencia-mesa redonda con Joan Cornet (ECHAlliance)

- Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, (Vigo). 23 de outubro de 2019

### International Conference on Health Care Expenditure

- Santiago de Compostela. 23-24 de outubro de 2019

### XIV Congreso Galego de Estatística e Investigación Operativa (SGAPEIO2019)

- Escola de Enxeñería Industrial (Vigo). 24-26 de outubro de 2019

[Ver todas as noticias](#)